

PLAN DE CONVIVENCIA

IES ILLA DE SAN SIMÓN
REDONDELA

Actualizado no curso: 2018-19

ÍNDICE:

- a) Introducción.
- b) Análise de necesidades do centro
- c) Obxectivos
- d) Actuacións, medidas ou programas para favorecer a convivencia
- e) Protocolo de prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar
- f) Concreción en cada actuación de quen serán os responsables, os destinatarios e os procedementos
- g) Normas de Convivencia
- h) Condutas contrarias á convivencia e correccións
- i) Normas específicas para o funcionamento da Comisión de Convivencia e de ser o caso, Aula de Convivencia Inclusiva e Escola de Familias
- j) Mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro, cas familias e outros centros ou organismos
- k) Estratexias para realizar a difusión do Plan de Convivencia
- l) Seguimento, avaliación e mellora do plan.
- m)Anexos

I.- INTRODUCCIÓN

Todos sabemos que os centros educativos son en igual medida centros de aprendizaxe e comunidades de convivencia, mais aínda hoxe en día onde nos nosos centros conviven alumnado e profesorado caracterizados por unha gran diversidade a todos os niveis (persoal, familiar, cultural, funcional, lingüística....)

A institución escolar é un reflexo da sociedade, por iso non é estraño que no seu interior se produzan os mesmos problemas que na sociedade actual. A escola é un lugar privilexiado onde se lle debe adicar unha especial atención ós problemas de convivencia pero tamén é moi importante o papel da familia e o entorno á hora de xeneralizar os comportamentos e actitudes fomentados dende o entorno escolar.

Como xa propuxo a **UNESCO**, “**Aprender a Convivir**” é un dos piares básicos da educación e constitúe un dos retos mais importantes que se lle presentan á humanidade nos últimos tempos; que o noso modelo actual de escola, a Escola Inclusiva, favorece e impulsa a través da **LOE**; na que o seu **Artigo 1** propón como **principios da educación**:

- A equidade que garanta a igualdade de oportunidades, a inclusión educativa, a non discriminación e que actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que deriven de discapacidade
- A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza e que axuden a superar calquera tipo

de discriminación

- A educación para a prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos, así como a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social
- O desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres

No seu **Artigo 2** recolle como **fins da educación**:

- A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación de persoas con discapacidade
- A educación no exercicio da tolerancia e a liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos
- A formación para a paz, o respecto ós dereitos humanos, a vida en común, a cohesión social, a cooperación e solidariedade entre os pobos así como a adquisición de valores que propicien o respecto
- A formación no respecto e recoñecemento da interculturalidade como un elemento enriquecedor da sociedade

En canto ó Modelo de Convivencia de Galicia dicir que o impulso realizado dende todos os ámbitos se reflicte na **Lei 4 / 2011** de convivencia e participación da comunidade educativa e se concreta e desenvolve aínda mais no **Decreto 8/2015** e neles se recollen os fins das normas de convivencia nos centros educativos e que asumimos como fins propios do noso centro:

- A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de xeito óptimo os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar
- A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas
- A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces
- O recoñecemento ó profesorado , en especial ós membros dos equipos directivos, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica axeitada ás súas funcións
- A promoción da resolución pacífica dos conflitos e o fomento de valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas
- O avance no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar
- A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado

O **modelo de convivencia** da nosa comunidade e do noso centro é un modelo **positivo**, é dicir, educar para a convivencia non significa renunciar á existencia de conflitos, se non saber

enfrentalos e superalos positiva e efectivamente; **proactivo**, consideramos a convivencia un obxectivo fundamental e lexítimo do proceso educativo que hai que traballar de xeito intencionado; **preventivo**, promovendo a creación de espazos e clima que preveña a aparición de fenómenos disruptivos ou violentos e **comunitario** xa que para mellorar a convivencia é necesario o compromiso de todos.

Entendemos por **convivencia** a promoción e posta en práctica dunha cultura de paz na que todos os membros da comunidade escolar sexan partícipes e poidan desenvolverse nun clima positivo de confianza. Para lograla deben poñerse en primeira liña valores como a solidariedade, a tolerancia, o respecto mutuo, o compromiso, a interculturalidade, a conduta prosocial e os dereitos humanos.

II.- ANÁLISE DE NECESIDADES DO CENTRO

Esta análise de necesidades do noso centro ou avaliación inicial forma parte en si mesma da nosa intervención educativa xa que nos serve para recoller información, sensibilizar á comunidade educativa e fomentar a participación.

Por outra banda, dende unha óptica preventiva e sistémica das nosas actuacións, debemos analizar non só ó alumnado se non tamén ós contextos nos que se desenvolve: contexto social, escolar e familiar.

A) Necesidades relacionadas co alumnado:

O noso alumnado atópase na etapa da adolescencia, con todo o que implica pero ademais das características propias destas idades atopamos que a pesar de que o nivel de conflitividade do centro é baixo existe:

- Importante carencia de habilidades sociais complexas
- Escaso coñecemento de técnicas pacíficas de resolución de conflitos
- Problemas para aceptar normas básicas
- Cuestionamento e desafío da figura de autoridade
- Escasa consciencia dos distintos tipos de violencia
- Prexuízos asociados a descoñecemento de outras culturas ou condicións sexuais...
- Comportamentos machistas tanto en alumnos como en alumnas

B) Necesidades relacionadas co contexto escolar:

O nivel de conflitividade do noso centro é baixo, se utilizamos como indicador o número de partes de conduta, o número habitual de partes por curso incluíndo os relativos a condutas leves e gravemente perxudiciais para a convivencia escolar soe situarse entre os 100 e os 150 partes por curso; dos cales normalmente un 30% ou mais están vinculados a un só alumno/a ou pequeno grupo de alumnos/as cunha problemática conductual e/ou sociofamiliar e/ou escolar mais complexa. Destes partes de conduta como se explica anteriormente non todos son condutas gravemente perxudiciais para a convivencia, por iso non todos supoñen sancións graves, de feito só un 25% delas nos

últimos cursos levaron implícitas sancións de expulsión do centro.

Por outra banda se utilizamos como indicador de conflitividade o número de expedientes, nos últimos 2 cursos soamente se abriu un expediente por curso

Sen embargo, é certo que no noso centro hai outros problemas que detectamos como por exemplo a coherencia ás veces no comportamento dos axentes educativos, é dicir, precísase que tanto as familias como o profesorado e o persoal non docente promovan na práctica aqueles valores que pretendemos favorecer no noso alumnado xa que non hai aprendizaxe mais potente que o aprendizaxe vicario.

Tamén se precisa adecuar os documentos do centro á nova normativa de Convivencia recentemente publicada na nosa comunidade e por en marcha todas as medidas recollidas na mesma.

C) Necesidades relacionadas co contexto familiar:

No relativo ó contexto familiar detectamos que a implicación das familias tanto no proceso educativo dos seus fillos e fillas como nas propostas levadas a cabo polo centro é escasa como norma xeral.

D) Necesidades relacionadas co contexto sociocomunitario:

Neste ámbito precisamos coñecer mellor e establecer unha relación mais fluída con algúns axentes educativos externos como o Instituto da Muller de Redondela ou o Servizo de Mediación Familiar de Vigo.

III.- OBXECTIVOS

Obxectivos xerais do plan:

- a) Facilitarlles ós órganos de goberno e ó profesorado instrumentos e recursos en relación ca prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro
- b) Concienciar e sensibilizar á comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon a disposición do alumnado
- c) Fomentar no centro os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres
- d) Facilitar a prevención, detección, tratamento, seguimento, xestión e resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe
- e) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas
- f) Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos
- g) Contribuír dende o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal

- h) Fomentar e facilitar a participación, comunicación e cooperación das familias no mantemento da convivencia escolar nos centros docentes
- i) Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais

Obxectivos específicos:

a) alumnado:

- Fomentar actitudes e comportamentos respectuosos cos demais (alumnos, profesorado, persoal non docente e familia)
- Capacitalos en habilidades de resolución pacífica de conflitos e incorporar de xeito natural os procesos e mediación na vida escolar e familiar
- Promover situacións nas que se teñan que poñer no lugar do outro usando as súas habilidades empáticas
- Favorecer a non violencia en todos os ámbitos da vida do alumnado
- Previr o maltrato entre iguais
- Educar na non discriminación por ningunha condición (sexual, cultural, de xénero, relixiosa, física, funcional...)
- Fomentar un clima socioafectivo axeitado entre o alumnado
- Desenvolver actitudes tolerantes e solidarias
- Levar á práctica a igualdade efectiva entre homes e mulleres en todos os ámbitos
- Fomentar o coñecemento e respecto cara outras culturas e

propoñer a multiculturalidade como elemento enriquecedor

- Introducir o valor da diversidade como algo desexable e habitual en todas as actividades levadas a cabo no centro
- Fomentar o respecto ás normas de convivencia do centro

b) Profesorado:

- Asesorar e coordinar a profesores e titores sobre a posta en marcha do Plan de Convivencia
- Elaborar e facilitar materiais e recursos e tanta información se demande así como fomentar a elaboración de materiais propios
- Participar nos procesos de mediación e conciliación cando sexa necesario ben como mediadores, ben como parte implicada do conflito a resolver
- Promover a coherencia entre os valores e condutas que queremos promover no alumnado e os nosos propios comportamentos tanto no referente a implicación, cooperación cos compañeiros/as, resolución pacífica de conflitos, puntualidade, participación en actividades, organización.....

c) Centro:

- Revisar e promover a integración do Plan de Convivencia nos distintos documentos do centro
- Reforzar a coherencia entre o discurso e a práctica do centro
- Adquirir os recursos necesarios para a posta en marcha do plan
- Ofrecer asesoramento e formación acerca de Convivencia

- Promover o intercambio de experiencias con outros centros educativos
- Potenciar o uso da mediación para a resolución de conflitos tanto de alumnado como de profesorado - alumnado, familias - profesorado....
- Fomentar e dar a coñecer as normas de convivencia do centro
- Establecer un protocolo de actuación ante maltrato entre iguais adaptado ó centro

d) Familias:

- Dar a coñecer o plan de convivencia e demandar a súa participación no centro en todo o que sexa posible
- Establecer canles de comunicación fluídos entre familias e escola co fin de lograr a colaboración activa e responsable da familia no proceso educativo dos seus fillos e fillas

e) Entorno:

- Manter unha boa colaboración cas institucións e organismos relacionados ca convivencia escolar (Consellería, Instituto da Muller, responsables das Campañas sobre o tema na Cruz Vermella e outras entidades, Servizos Sociais, Policía, Concello...)
- Intercambiar experiencias con outros centros educativos
- Organizar actividades conxuntas cos centros educativos da zona

4. ACTUACIÓN, MEDIDAS OU PROGRAMAS PARA FAVORECER A CONVIVENCIA

4.1. A NIVEL DE CENTRO

- Sensibilización a toda a comunidade educativa acerca da importancia da convivencia escolar
- Asesorar e informar a toda a comunidade educativa sobre as distintas actuacións relacionadas ca convivencia e sobre as súas funcións respecto a cada unha delas
- Elaboración dun Plan de Convivencia axeitado e axustado ás características do centro e á normativa vixente
- Modificación das Normas de Convivencia para axustalas á normativa vixente
- Organización detallada da supervisión e vixilancia no centro sobre todo nos espazos e tempos con maior susceptibilidade de producirse problemas de maltrato entre iguais (baños, patio, cambios de clase...)
- Programa TEI (Titoría Entre Iguais) instauración e mantemento a longo prazo deste programa de prevención do acoso escolar e de promoción das habilidades sociais do alumnado, fundamentalmente a empatía a través da titorización do alumnado de 1º de ESO por parte do alumnado de 3º de ESO, continuando en 2º e 4º co vínculo creado.
- Programa Patios Inclusivos: ampliación das opcións de ocio nos recreos para favorecer a inclusión de todo o alumnado

nos momentos de lecer, paulatinamente iranse introducindo opcións mais diversas dende xadrez, mesas de pimpón, recuncho de arte, club de ciencias, actividades na biblioteca...

- Colaboración ca Comisión de Convivencia do Consello Escolar
- Reparto de información escrita e a través da web do centro sobre as normas de convivencia do centro a principios de curso tanto ó alumnado como ás familias e ó profesorado
- Elaboración do Caderno do Titor que se lle entregará a principio de curso de xeito dixital e en papel ós titores/as e no que se incluírán ademais de actividades para as sesións de tutoría de todo o curso, toda a documentación necesaria para xestionar a tutoría así como as Normas de Convivencia do centro
- Constituír a Comisión de Convivencia do centro no seo do Consello Escolar
- Coordinarse e solicitar asesoramento ó Consello para a Convivencia Escolar de Galicia cando sexa preciso
- Avaliar o Plan de Convivencia e realizar o seu seguimento

4.2. A NIVEL DE AULA

- Incluír nas programacións didácticas valores que fomenten a convivencia e a adquisición de competencias emocionais que melloren a mesma
- Uso de modelos de ensino- aprendizaxe que faciliten a convivencia ó aumentar as posibilidades de interacción entre profesorado - alumnado e entre alumnado - alumnado
- Elaboración das Normas de Aula nas sesións de tutoría de cada curso

- Difundir información entre o alumnado acerca do plan de convivencia e especialmente do protocolo de prevención do acoso escolares
- Actividades Complementarias e Extraescolares que favorezan a convivencia como por exemplo a actividade conxunta de todo o centro o último día do curso, todas as actividades que propón o Programa TEI...
- Actividades que traballan directamente ou contribúen a mellorar a convivencia nos distintos cursos que se traballan en tutoría: nesta táboa se recollen por cursos e temporalizadas algunhas das que se fan todos os cursos pero tamén hai algunhas actividades que se realizan nas horas de tutoría ou noutras horas e que varían cada curso en función do que nos ofrezca a Xunta, o Concello e outras organizacións como Fundación Filomena Rivera Alonso que cada curso nos ofertan actividades de prevención do acoso escolar, convivencia, educación en valores...

CURSO 1º ESO	1º TRIMESTRE
	• Presentación e Cápsula do Tempo • Normas de centro e aula e elección de delegado/a • A nova etapa de ESO • TEI Sesión informativa • TEI Sesión formativa • TEI Sesión formativa • Videoforum "Wonder" • A Discapacidade, Videoforum "Cuerdas" • Presentación de titores e titorizados TEI • Obradoiros Érguete: prevención drogodependencias • Obradoiros Rexurdir: autoestima, adolescencia, habilidades sociais...

	• Acto 25 Novembro en contra da violencia de xénero • Sociograma • Preavaliación • Postavaliación e avaliación grupal das sesións de tutoría
1º ESO	2º TRIMESTRE
	• Organización 2º Trimestre • Entroido: traballo en equipo por aulas para crear unha actuación para o día de Entroido • Celebración do Día da Paz ca Carreira Solidaria de Save the Children • Actividade cohesión TEI 1º e 3º participación no Festival de Cine de Redondela sección Andaina • Actividades Tutoría TEI: resolución de conflitos, maltrato entre iguais... • Charla Policía Plan Director • Preparación da Visita do alumnado de 6º Primaria ó noso centro • Participación en Artelixo conxuntamente co CEIP Santa Mariña e moitas entidades externas que acoden ó noso centro a celebrar obradoiros de reciclaxe e reutilización • Videoforum "Cadena de Favores" • Preavaliación • Postavaliación e avaliación das sesións de tutoría
1º ESO	3º TRIMESTRE
	• Organización do 3º Trimestre • Sesións tutoría TEI :Autoestima, habilidades sociais, o grupo... • Cinefórum non discriminación "Por cuatro esquinitas de nada" e "El caso de Lorenzo" • A privacidade en Internet e a suplantación de identidade dixital • Actividades TEI Tutoría • Actividades de cohesión TEI • Acto final TEI entrega de diplomas • Obradoiros prevención bullying de CO-ACCIÓN • Charlas Policía prevención (Plan Director) • Preavaliación • Postavaliación e avaliación das sesións de tutoría

CURSO 2º ESO	1º TRIMESTRE
	• Normas do centro e aula e elección de delegado/a • Cinefórum “Cobardes” • Sociograma • Charlas Policía Plan Director • Érguete: prevención drogodependencias • Rexurdir: autoestima, adolescencia, habilidades sociais... • Programa Cidades Amigas da Infancia Concello - UNICEF (Plenos Infantís) • Acto 25 Novembro en contra da violencia de xénero • Preavaliación • Postavaliación e avaliación das sesións de tutorías
2º ESO	2º TRIMESTRE
	• Organización do 2º Trimestre • Día da Paz • Programa Cidades Amigas da Infancia Concello - UNICEF (Plenos Infantís) • Organización do Entroido: traballo en equipo para organizar unha actuación de Entroido por aula • Charla FAG Medrando en Igualdade • Proxecto Silva Asociación ADA prevención de acoso escolar e habilidades sociais con cans • Cinefórum Cortos“El sandwich de Mariana” • Preavaliación • Postavaliación e avaliación das sesións de tutoría
2º ESO	3º TRIMESTRE
	• Organización do 3º Trimestre • Programa Cidades Amigas da Infancia Concello - UNICEF (Plenos Infantís) • Proxecto Silva Asociación ADA prevención de acoso escolar e habilidades sociais con cans • Orientación vocacional optativas • Cinefórum “Camino a la escuela” • Programa “Ktorce - 18” Charla “Ley do Menor” • Preavaliación • Postavaliación e avaliación das sesións de tutoría

CURSO 3º ESO	1º TRIMESTRE
	• Presentación • Normas do centro e aula e elección de delegado/a • TEI Sesión informativa • TEI Sesión formativa • TEI Sesión formativa • Érguete: prevención de drogodependencias • Presentación titores- titorizados TEI • Cinefórum “American History X” e actividades sobre racismo e xenofobia • Cómic “Pillada por ti” • Acto Día 25 de Novembro Contra a Violencia de Xénero • Educación Sexual “Quérote +” • Preavaliación • Postavaliación e avaliación das sesións de tutoría
3º ESO	2º TRIMESTRE
	• Organización do 2º Trimestre • Día da Paz Carreira Solidaria Save the Children • Organización do Entroido: traballo grupal para organizar unha actuación de Entroido por aula • Actividades TEI tutoría • Actividades cohesión TEI • Obradoiro de Diversidade Sexual ARELAS • Artelixo participación no festival no centro en colaboración co CEIP Santa Mariña e outras entidades • Charla Medrando en Igualdade FAG • Cinefórum “La cenicienta que no quería comer perdices” • Preavaliación • Postavaliación e avaliación das sesións de tutoría
3º ESO	3º TRIMESTRE
	• Organización do 3º Trimestre • Cinefórum “La clase” • Actividades TEI tutorías • Actividades TEI cohesión • Cerimonia final TEI entrega de diplomas • Orientación vocacional optativas, itinerarios 4º e conexión con modalidades de Bacharelato e ciclos formativos • Preavaliación • Postavaliación e avaliación das sesións de tutoría

CURSO 4º ESO	1º TRIMESTRE
	• Presentación • Normas do centro e aula e elección de delegado/a • Cinefórum "Blow" • Charla Policía Plan Director • Cinefórum Violencia de Xénero "El orden de las cosas" • Acto 25 Novembro contra a Violencia de Xénero • Érguete: prevención de drogodependencias • Rexurdir: autoestima, adolescencia, habilidades sociais, educación sexual.... • Preavaliación • Postavaliación e avaliación das sesións de tutoría
4º ESO	2º TRIMESTRE
	• Organización do 3º Trimestre • Día da Paz Carreira Solidaria Save the Children • Orientación vocacional: proxecto de vida, modalidades de Bacharelato, ciclos formativos de FP, conexión cos grados universitarios e ensinanzas de réxime especial • Preparación do Entroido: traballo en grupo para organizar unha actuación de Entroido por aula • Visita ó IES Pedro Floriani e IES Mendiño • Charlas Educación Sexual • Preavaliación • Postavaliación e avaliación das sesións de tutoría
4º ESO	3º TRIMESTRE
	• Organización do 3º Trimestre • Orientación vocacional: personalización dos proxectos de vida de cada alumno/a e entrega de unha carpeta ca información pertinente personalizada • Preparación do Acto de Final de 4º • Apertura das Cápsulas do Tempo de 1º ESO e despedida do centro • Preavaliación • Postavaliación e avaliación das sesións de tutoría

4.3. A NIVEL INDIVIDUAL

- **Titoría individualizada** realizada pola orientadora a alumnado con distintos perfís (problemas de conduta, problemas de absentismo, problemas sociofamiliares, abandono escolar, alumnado acosador e vítima de acoso....) co obxectivo de previr situacións conflitivas a nivel de convivencia
- **Mediación escolar:** realizada pola orientadora e/ou o equipo directivo de xeito voluntario entre alumnado, alumnado e profesorado ou entre profesorado en casos nos que xurde algunha problemática susceptible de dita técnica.
- **Programa de Técnicas de Modificación de Conduta:** en casos concretos e de xeito individual a orientadora pon en marcha estes programas sempre que a súa aplicación este xustificada por un Trastorno de Conduta e sempre no relacionado co ámbito educativo, sendo o autorrexistro e a economía de fichas as técnicas mais utilizadas.
- **Programa de Habilidades Sociais:** de xeito individual e co alumnado que precisa mellorar as Habilidades Sociais sexan as Básicas (por exemplo con ACNEE asociadas a Síndrome de Asperger ou algún outro Trastorno do Espectro Autista) ou as Complexas ben con alumnado vítima ou agresor en casos de sospeita ou acoso escolar, ben con alumnado no que se detecten dificultades neste ámbito se traballarán ca orientadora ou o profesor de PT.
- **Prevención de condutas violentas e resolución pacífica de conflitos:** de xeito individual e nos casos que sexa preciso pola súa problemática asociada traballaranse estas cuestións ca orientadora.

- **Familias:** de xeito individual e nos casos que sexa preciso se fará intervención sociofamiliar e/ou mediación entre o alumnado e a familia ou entre profesorado e familia co fin de acadar os obxectivos educativos prateados en cada caso.

5. PROTOCOLO DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO

5.1. DEFINICIÓN DE ACOSO ESCOLAR

Segundo o recollido no Protocolo Xeral de prevención, detección e tratamento do Acoso e Ciberacoso escolar de Galicia entendemos que o **Acoso Escolar ou Bullying ou Maltrato entre iguais** se define como calquera forma de vexación ou maltrato continuado no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicológico incluíndo o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

Criterios de identificación:

- 1. Existencia de intención de facer dano:** debe existir unha vítima concreta, indefensa e unha persoa agresora que lle fai dano conscientemente.

2. Repetición das condutas agresivas: a agresión crea na vítima a expectativa de poder ser branco de ataques novamente, ten que existir unha acción agresiva repetida, durante un período longo de tempo e de forma recorrente. É un tipo de violencia difícil de identificar debido a que o acoso case sempre permanece oculto para os adultos mentres que o alumnado si ten coñecemento dos sucesos

3. Duración no tempo: establécese un esquema de abuso de poder desequilibrado entre a vítima e a persoa/s agresora/s, presenza de desigualdade de poder, de indefensión para a vítima que impide que a persoa acosada poida saír por si mesma da situación.

Tipos de acoso:

Tipos de acoso	Modalidade de acoso	Manifestación
Exclusión e marxinación social	Activa	Non deixar participar
	Pasiva	Ignorar
Agresión verbal	Directa	Insultar, alcumes ofensivos...
	Indirecta	Falar mal de alguén ás súas costas
Agresión física	Directa	Pegar
	Indirecta	Agochar, romper ou roubar cousas
Maltrato	Mixto	Ameazar para meter medo, ameazar con armas ou chantaxear e ameazar
	Acoso sexual físico	Actos
	Acoso sexual verbal	Comentarios

5.2. PROTOCOLO DE ACTUACIÓN:

FASE 1: Coñecemento da situación. Identificación e comunicación

FASE 1: Coñecemento , identificación e comunicación da situación				
Comunicación ó Equipo Directivo e rexistro da comunicación (Anexo 1)				
Adopción das primeiras medidas				
Medidas urxentes de protección á vítima	Designación dun responsable de atención á presunta vítima (Anexo 2)	Comunicación ás familias do alumnado implicado (Anexos 3 e 4)	Designación dun responsable das pesquisas previas (Anexo 5)	Comunicación a outros profesionais educativos e/ou axentes externos (Anexo 6)

- 1) Calquera membro da comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias, persoal non docente....) que teña coñecemento ou sospeitas, por calquera medio, dunha situación de acoso sobre algún alumno ou alumna ten a **obriga** de poñelo en coñecemento da persoa ou persoas directamente responsables do menor no centro educativo, quen lle trasladarán ó Director (ou na súa ausencia a outro membro do Equipo Directivo) a información. Veña pola canle informativa que veña esa información deberá ser rexistrada no **Anexo 1** e sempre deberá informarse ó Director
- 2) O Director inmediatamente deberá establecer as **Medidas Urxentes de Protección á Vítima** que poderán ser:
 - Vixilancia específica das persoas indicadas

- Supervisión e vixilancia naqueles lugares onde poida producirse o suposto acoso
- Medidas cautelares que impidan o contacto entre a vítima e a persoa ou persoas causantes do acoso
- Comunicación e solicitude de colaboración ás familias do alumnado implicado
- Asignación dunha persoa responsable de atención e apoio á presunta vítima

3) Designación dunha persoa **responsable da atención e apoio á presunta vítima:**

- O Director designará unha persoa responsable da atención á presunta vítima entre o profesorado do propio centro. Procurarase, cando sexa posible, que a designación recaia sobre unha persoa coa que a vítima garde unha relación de confianza e proximidade e a ser posible teña formación relacionada con este ámbito.
- No mesmo nomeamento, esta persoa será convocada para recibir a información pertinente, reunión da que se redactará a acta.

4) **Primeira comunicación ás familias** do alumnado implicado:

- O Director poñerá a situación en coñecemento das familias do alumnado implicado, para o que empregará a vía de comunicación máis rápida posible, transmitindo tranquilidade e buscando sempre

a colaboración das familias. Paralelamente realizarase esta comunicación por escrito

- Nesta comunicación, as familias do alumnado implicado deben ser informadas da situación e dos feitos ocorridos e, de ser o caso, das medidas iniciais que se están adoptando provisionalmente para minimizar os feitos e evitar unha nova situación.
- Tamén se lle comunicará a posibilidade de requirir novamente a súa colaboración para recadar información que contribúa a esclarecer os feitos.

5) Nomeamento dunha **persoa responsable da tramitación:**

- A dirección do centro designará unha persoa responsable da tramitación do protocolo e no mesmo nomeamento será convocada para recibir a información pertinente, reunión da que se redactará a acta. Entre a información facilitada nesta primeira reunión estará a relativa aos feitos e a todos os trámites realizados pola dirección do centro ata o momento deste nomeamento; a copia dos partes de incidencia e das medidas correctoras de todo o curso que lle afecte ao alumnado implicado; os datos de absentismo escolar e o informe dos titores deste alumnado.
- Esta persoa será a encargada de comunicarse con todos os suxeitos implicados, de recadar a información necesaria e comunicarlle nunha reunión, da que se redactará a acta, á dirección do centro

para adoptar as medidas oportunas e, de ser o caso, será tamén a persoa responsable da tramitación do correspondente expediente disciplinario se definitivamente se conclúe en que se trata dun caso de acoso escolar.

- En todas as súas actuacións, esta persoa deberá ter en consideración que, en caso de incoarse un expediente disciplinario, o prazo máximo para a súa resolución será de doce días lectivos dende que se tivo coñecemento dos feitos, tal como recolle o artigo 25.7 da Lei 4/2011.
- O seu nomeamento debe ser coñecido polo profesorado titor do alumnado implicado, de forma que se facilite a colaboración entre estes e a comunicación de calquera incidencia relevante que puidese acaecer con respecto á situación denunciada.
- A persoa que desempeñe esta función deberá ser nomeada entre o profesorado do propio centro, que a poder ser teña formación ó respecto; e sendo un caso de ciberacoso, deberá ser unha persoa con coñecementos sobre TIC.

6) Comunicación a outros profesionais educativos e/ou outros axentes externos:

- Se se considera necesario e oportuno, e sempre en función da valoración inicial, a persoa responsable da dirección do centro poderá requirir a colaboración de calquera membro da comunidade educativa e doutras

instancias externas ao centro (sociais, sanitarias, xudiciais...).

- Cantas actuacións se desenvolvan realizaranse sempre tendo presente a imprescindible confidencialidade de todo o proceso.

FASE 2: Recollida de información e rexistro

FASE 2: Recollida de Información (Anexo 7)	
Entrevistas individuais	Presunta Vítima (Anexo 8)
	Presunto acosador/a (Anexo 9)
	Observadores/espectadores (Anexo 10)
	Familias dos implicados (Anexos 11 e 12)
Outras recollidas de Información: observación, información documental, outras...	
Asesoramento e apoio técnico	Departamento de Orientación (Anexo 13)
	Outros profesionais (Anexo 14)

A información debe recollerse dun xeito discreto, por escrito e a través de diversas fontes e procedementos: observación directa e vixilancia das zonas de risco para seleccionar datos sobre as características da interacción do alumnado, agresións existentes e situacións nas que se producen..., entrevistas individuais con citas previas ao alumno ou alumna presuntamente acosado/a, alumnado presuntamente acosador, familia do alumno ou alumna acosado/a e

familia do alumnado acosador, titor/a e profesorado de aula, compañeiros ou compañeiras e, se é preciso, persoas relacionadas co centro (coidadores, monitores de actividades extraescolares...), persoas dependentes doutras institucións...

Os procedementos empregados nesta fase deberán axustarse á idade e madureza dos

entrevistados e garantir a confidencialidade da información facilitada, e recollerán cando

menos:

- Datos identificativos do centro e alumnado afectado.
- Persoa que recolle a demanda.
- Persoa que comunica a situación.
- Recollida inicial de datos sobre o tipo e gravidade do acoso denunciado.
- Lugares onde se produce o acoso, aínda que se producise fóra das instalacións do centro.
- Feitos observados.

Entrevista individual á presunta vítima

O obxectivo desta entrevista será dilucidar a posible veracidade dos feitos denunciados e, polo tanto, a pertinencia de incoación de expediente, así como proporcionarlle apoio e protección ao alumno ou á alumna, rachar co illamento social que permitiu a aparición do acoso e, ao mesmo tempo, obter a súa información ao respecto. Cando o alumno ou alumna entrevistado/a sexa menor de idade, procederá que esta entrevista se produza en presenza dun adulto.

Será necesario revisar a información dispoñible e ter en conta

que posiblemente lle custe falar do tema e que incluso o negue. É importante que esta primeira toma de contacto se xere nun clima de confianza, polo que, se é necesario, deberá repetirse ata que o alumno se encontre en disposición de trasladar o alcance do problema.

A entrevista debe comezarse de xeito indirecto e ir centrándose progresivamente no tema. Haberá que manter unha actitude comprensiva e amosarse receptivo. No remate desta debe transmitirse unha actitude tranquilizadora e comunicar explicitamente a busca de solucións e o compromiso para atallar o problema detectado.

No anexo 8 recóllense unha serie de orientacións e preguntas tipo para o desenvolvemento desta entrevista.

En ningún caso poderá utilizarse o que resulte desta entrevista como proba no proceso de corrección, de iniciarse este. Nesta fase o único obxectivo é dilucidar se existen indicios razoables para a incoación dun expediente. As entrevistas con validez no proceso de corrección terán que realizarse previa citación formal, tal e como se establece no procedemento xeral de expedientes do proceso de corrección. Non obstante, o modelo proposto no anexo 8 poderá ser igualmente de axuda nesa fase.

Entrevista individual á/s persoa/s posible/s responsable/s do acoso

O obxectivo desta entrevista será recoller a información dende o punto de vista da persoa ou persoas presuntamente agresora/s, amosar a postura do centro de intolerancia cero ante as agresións e que tome ou tomen conciencia das consecuencias da súa posible conduta para a vítima e para eles ou elas mesmos/as,

sen confundir “sermón” con entrevista. Cando o alumno ou alumna entrevistado/a sexa menor de idade, procederá, se non está acompañado da súa familia, que esta entrevista se produza en presenza dun adulto, tal e como se especifica no apartado correspondente á tramitación de expedientes do procedemento corrector.

É conveniente que as entrevistas sexan individuais, pois, no caso de varias persoas

acosadoras, o grupo tendería a minimizar o problema e diluír a responsabilidade entre os seus membros, dificultando a admisión da súa culpa.

Os datos achegados pola/s persoa/s presuntamente responsable/s do acoso servirán para constatar os feitos e valorar se realmente está ou están exercendo de acosador/es ou acosadora/s.

En ningún caso poderá utilizarse o que resulte desta entrevista como proba no proceso

corrector, de iniciarse este. Nesta fase o único obxectivo é dilucidar se existen indicios

razoables para a incoación dun expediente. As entrevistas con validez no proceso de

corrección terán que realizarse previa citación formal, tal e como se establece no

procedemento xeral de expedientes do proceso de corrección.

Entrevista individual ás persoas observadoras/espectadoras

O obxectivo desta entrevista é a recollida de información das persoas “espectadoras/observadoras”, que son os membros da comunidade educativa que poden coñecer os feitos pero non

participan activamente nestes. Cando o alumno ou alumna entrevistado/a sexa menor de idade e non se atope acompañado da súa familia procederá que esta entrevista se produza en presenza dun adulto.

Trátase de contrastar a información achegada por estas persoas coa obtida das persoas que son presuntamente acosadas e acosadoras, coa finalidade de poder garantir a veracidade dos feitos.

No caso de que sexa máis dunha persoa, as entrevistas deben ser realizadas de forma individual.

En ningún caso poderá utilizarse o que resulte desta entrevista como proba no proceso de corrección, de iniciarse este. Nesta fase o único obxectivo é dilucidar se existen indicios razoables para a incoación dun expediente. As entrevistas con validez no proceso de corrección terán que realizarse previa citación formal, tal e como se establece no procedemento xeral de expedientes do proceso de corrección.

Entrevista individual ás familias

Trátase de dar a coñecer e recoller información sobre os feitos denunciados, se son coñecidos polos pais e, de ser o caso, que medidas tomaron ata esa data ao respecto.

É preciso informar da postura firme do centro sobre a intolerancia absoluta cara ás agresións e procurar a colaboración das familias, explicándolles os seguintes pasos da intervención para atallar o problema:

En ningún caso poderá utilizarse o que resulte desta entrevista como proba no proceso de corrección, de iniciarse este. Nesta fase o único obxectivo é dilucidar se existen indicios razoables para a incoación dun expediente. As entrevistas con validez no proceso de corrección terán que realizarse previa citación formal, tal e como se establece no procedemento xeral de expedientes do proceso de corrección.

Solicitude de asesoramento e/ou apoio técnico ao departamento de orientación do centro

A persoa responsable da tramitación poderá solicitar asesoramento e/ou apoio técnico á persoa que ocupe a xefatura de orientación do centro cando o considere necesario e oportuno para o desenvolvemento do proceso.

Solicitude de asesoramento a outros profesionais educativos e/ou organismos ou axentes externos, especialmente no caso de ciberacoso

Cando se considere oportuno, a persoa responsable da dirección poderá solicitar asesoramento a outros profesionais educativos como son os Equipos de Orientación Específicos e a Inspección Educativa, en calquera momento do proceso.

Ademais, a complexidade das situacións de ciberacoso pode derivar na necesidade de consulta e traslado dos feitos a axentes externos ao centro como:

- Axencia Española de Protección de Datos.
- Policía local.
- Unidades de delitos telemáticos da Garda Civil e da Policía

Nacional.

- Outros.

Unha vez rematado o proceso de recollida de información, rexistraranse nun documento

todos os datos relevantes para proceder á súa análise.

FASE 3: Análise da información e adopción de medidas

FASE 3: Análise de Información (Anexo 15)				
NON ACOSO ESCOLAR	Estratexias de prevención no centro e na aula			
ACOSO ESCOLAR	Comunicación á Inspección Educativa (Anexo 19)			
	Instrución e Resolución de Expediente Disciplinario (Anexos 17 e 18)	Adopción de Medidas		
		Protección á Vítima (Anexo 16)	Persoa acosadora (Anexo 22)	Outras Medidas

Antes de adoptar calquera medida é necesario contrastar a información recollida, na fase anterior, de varias fontes. Resulta imprescindible ordenar adecuadamente as actuacións e garantirles a información aos implicados sobre o proceso desenvolvido ata o momento e a discreción no tratamento dos datos e da información obtida. Trátase de atopar coincidencias e diverxencias entre os datos obtidos das diversas fontes de información.

Unha vez recadada toda a información sobre os feitos acontecidos, deberá ser comunicada polo responsable das pesquisas previas á

dirección do centro, quen precisará se a situación detectada é ou non un caso de posible acoso e, de ser o caso, acordará as medidas provisionais que cómpre adoptar, así como a incoación do expediente, sempre de acordo coas previsións recollidas nas normas de convivencia incluídas nas normas de organización e funcionamento do centro (NOF), no regulado na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa e no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, con respecto ás condutas contrarias á convivencia e as correccións que correspondan ao seu incumprimento.

Cando se aprecien indicios suficientes da situación de acoso escolar, débese distinguir

entre as medidas que se adopten tendentes á protección da posible vítima, as medidas

reeducadoras e correctoras da persoa ou persoas presuntamente agresora/s e as referidas a outros membros da comunidade educativa.

As actuacións que constitúan acoso escolar considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e non poderán ser constatadas e corrixidas sen a previa instrución dun expediente. Unha vez iniciada a tramitación deste expediente, a persoa titular da dirección do centro notificarallo:

- Ao alumnado implicado e ás súas familias, no caso de ser menores de idade.
- Ao servizo de Inspección Educativa correspondente.
- Ao profesorado titor do alumnado implicado.

Cando as situacións conflitivas transcendan dos recursos e competencias do sistema educativo ou cando os órganos responsables do centro aprecien indicios de condutas penais, poderá solicitarse axuda externa e poñelo en coñecemento dos servizos competentes (Policía Nacional, Garda Civil, Fiscalía de Menores, servizos sociais...), aspecto este último que será de obrigado cumprimento nos casos de especial gravidade e aqueloutros recollidos na lexislación establecida para o efecto, tal como se indica no punto 6 deste documento, referido a aspectos xurídicos da responsabilidade do centro.

Adopción de medidas educativas

Con independencia do resultado da instrución do expediente, unha vez rematado este, a

persoa responsable da dirección do centro, tomando en consideración a información aportada, ditaminará as medidas de mellora educativas que hai que adoptar, para o que, se o considera oportuno, poderá solicitar a colaboración do departamento de orientación e da comisión de convivencia do centro.

As medidas que teñan que impoñerse deberán ter un carácter educativo, tendente á

reflexión e toma de conciencia dos feitos, ao cambio de actitude e á reparación do dano causado, de ser o caso; ademais terán que garantir o respecto dos dereitos do alumnado e procurar a mellora das relacións de todos os membros da comunidade educativa.

Medidas de protección á presunta vítima (anexo 16)

Con independencia das medidas adoptadas con carácter urxente

para protexer a persoa

presuntamente acosada, referidas na primeira fase, son múltiples as posibilidades de protección e variarán en función das necesidades peculiares do alumno ou da alumna vítima do acoso, e das posibilidades do centro. Algunhas destas medidas poderían ser:

- Vixilancia específica das persoas presuntamente implicadas (acosada e acosadora/s).
- Solicitude de colaboración familiar para o control e seguimento dos seus fillos ou das súas fillas.
- Asignación dunha “persoa responsable de apoio e atención á vítima” á que a vítima poida acudir cando o necesite.
- Reorganización do horario de profesorado para unha mellor atención do alumnado afectado.
- Concertar encontros periódicos para facer seguimento da situación.
- Tutoría individualizada e grupal da súa clase, proporcionando pautas de autoprotección, técnicas de relaxación e control do estrés, adestramento en habilidades sociais, mellora do concepto de un mesmo e da autoestima...
- Actividades para desenvolver nas titorías do centro enfocadas á mellora das habilidades sociais: capacidade para facer amigos, integrarse en actividades de grupo, ser asertivos, expresar as propias opinións...

- Organización de grupos de axuda entre iguais, formados previamente para acompañar a posible vítima, sobre todo nos intres e lugares de maior risco (entradas, saídas, corredores...).
- De ser necesario, cambio de grupo temporal ou definitivo da persoa ou persoas posible/s acosadora/s, logo do oportuno expediente.
- Apertura de expediente á persoa ou persoas presuntamente agresora/s .
- Derivar a servizos de profesionais especializados externos as persoas implicadas, se procede, para abordar tratamentos específicos que poidan reforzar o labor efectuado no centro.
- Comunicación ao Ministerio Fiscal se o feito puidese ser constitutivo de delito ou falta penal.

Medidas reeducadoras e correctoras para a/s persoa/s agresora/s

a) Medidas reeducadoras para a/s persoa/s agresora/s:

Como actuacións complementarias ás medidas correctoras concluídas logo do oportuno expediente, é preciso desenvolver coa persoa ou persoas agresora/s medidas reeducadoras coma as seguintes:

- Elaboración por parte do departamento de orientación de cada centro docente dun programa de habilidades sociais.
- Desenvolvemento de procedementos conciliados para a resolución de conflitos. A opción pola conciliación suspende o inicio do procedemento de corrección da conduta, que se retomará no caso de que a conciliación sexa infrutuosa.

- Formación de equipos de mediadores.
- Formación específica sobre as consecuencias da conduta: pedirlle perdón á vítima, participar en programas de mediación, traballos escritos de reflexión e concienciación sobre os feitos, as súas consecuencias e o xeito de compensar os danos.
- Desenvolvemento da capacidade de empatía, poñernos no lugar do outro.
- Programas de modificación de conduta, axuda personalizada, desenvolvemento persoal, comportamentos prosociais, estratexias de resolución de conflitos con solucións alternativas á agresión...
- Solicitude de colaboración familiar para a vixilancia e control dos seus fillos e fillas.
- Derivación a servizos especializados externos para abordar tratamentos específicos, se procede.

b) Medidas correctoras para a/s persoa/s agresora/s:

Unha vez confirmada a situación de acoso, requirirase da tramitación do oportuno expediente disciplinario, serán de aplicación, de ser o caso, as medidas correctoras correspondentes establecidas na devandita norma e na normativa que a desenvolva.

Para a tramitación deste expediente disciplinario, a dirección do centro facilitaralle á persoa que o tramite a seguinte documentación:

- Normativa de referencia.
- Esquema cos pasos e prazos que hai que seguir para a súa tramitación (anexo 17).
- Modelos do procedemento e proposta de resolución do expediente disciplinario, sexa mediante un procedemento común ou, de ser o caso, mediante un procedemento conciliado de corrección (anexo 18).

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas de acordo coas medidas reguladas no artigo 21 da Lei 4/2011 e a normativa que a desenvolva, do seguinte xeito:

- a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- c) Cambio de grupo.
- d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

f) Cambio de centro.

Para a aplicación destas medidas terase en conta a graduación recollida no artigo 23 da Lei 4/2011 e os seguintes criterios:

- Ter en conta a gravidade das condutas e as idades dos agresores.
- Ir encamiñadas a conseguir o arrepentimento dos agresores, chegando a pedirlle perdón á vítima.
- Estar relacionadas co tipo de agresións producidas, permitíndolles reflexionar sobre a súa conduta aos protagonistas das agresións.
- Respetar o principio de confidencialidade.
- Intervención coordinada dos profesionais tanto no ámbito do centro educativo coma do centro coas familias e servizos externos.

Outras medidas

Co **grupo-clase** e co alumnado espectador/observador.

- Campañas de sensibilización, mediación e apoio entre compañeiros e compañeiras, programas de habilidades sociais, de comunicación e empatía ...
- Actividades que posibiliten o rexeitamento e a denuncia explícita de condutas violentas na convivencia entre iguais: analizar a diferenza entre a conduta solidaria de denunciar a inxustiza e o ser acusón.
- Desenvolver estratexias de axuda entre iguais e traballos cooperativos.
- Analizar as consecuencias dos comportamentos.
- Realizar actividades de adestramento para actuar ante

diferentes situacións de maltrato.

Coas **familias:**

- Contribuír ao crecemento persoal dos seus fillos ou fillas a través do diálogo e da educación en valores, desenvolvendo unhas axeitadas normas de convivencia no

contorno familiar.

- Desenvolver a súa potencialidade como educadores das súas fillas ou fillos.
- Recoñecer o seu papel como axentes educativos, xunto co profesorado, actuando como portadores de aspectos significativos para o desenvolvemento integral dos seus fillos ou fillas.
- Mellorar as condicións afectivas, sociais e escolares que lles faciliten a aprendizaxe aos seus fillos e ás súas fillas e un desenvolvemento harmónico da súa personalidade.
- Ensinanza de habilidades sociais, aprendizaxe cooperativa, ocio de calidade, resolución de conflitos sen violencia, eficacia da disciplina e ensinanza de límites, prevención do sexismo, evitar a influencia negativa do uso inadecuado da televisión e doutras tecnoloxías...
- Fortalecer a implicación da familia na vida escolar e a responsabilidade na toma de decisións educativas conxuntas sobre os seus fillos e as súas fillas (establecer compromisos).

Co **equipo docente:**

- Formación para saber como detectar e intervir na aula ante situacións de acoso escolar.
- Formación específica do profesorado, elaboración de materiais

e documentos, protocolos de actuación axustados ao propio centro.

- Acordar e unificar criterios de actuación. Creación dun código común de formas de actuar por parte dos docentes ante problemas de convivencia que incidirá na coherencia para abordar un conflito.
- Apoiar e facilitar o labor do profesorado tutor.
- Colaborar coa dirección do centro na xestión dos problemas de convivencia e apoiar e facilitar a labor da persoa responsable da tramitación do protocolo e da persoa responsable de apoio e atención á vítima, no desenvolvemento das funcións para as que foron nomeadas.
- Promover a implicación do alumnado na xestión de determinados conflitos (alumnos axudantes ou mediadores)

FASE 4: Seguimento e avaliación das medidas adoptadas

Unha vez adoptadas as medidas previstas, é necesario que a persoa que dirixe o centro, ou unha persoa na que delegue, faga un seguimento da situación, coa intencionalidade de que non se volva producir e de observar os cambios reais no comportamento individual do alumnado protagonista da situación de acoso, no grupo onde tivo lugar (clima de aula e de centro), tempo no que se mantén o efecto das intervencións.

Este seguimento levarase a cabo coa intención de comprobar o cumprimento e a pertinencia das medidas adoptadas, tanto das de carácter urgente, no momento de coñecemento da situación, coma das restantes establecidas no desenvolvemento do protocolo.

A este efecto, débense programar encontros periódicos,

especialmente coa vítima para comprobar se a actuación foi eficaz: xa non hai maltrato, mellorou a situación da vítima e a persoa ou persoas agresora/s modificaron a súa actitude e condutas.

A dirección debe responsabilizarse de que se leven a cabo as medidas previstas e informará á Inspección Educativa do seu grao de cumprimento, segundo a temporalización prevista

5.3. CIBERACOSO

Segundo o artigo 28 da Lei 4/2011 a definición de acoso escolar esténdese indicando que terán a mesma consideración as condutas de acoso realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

Tamén no punto 2 do artigo 12 da mesma lei se recolle que poderán (non hai obriga se non que se pode) ser motivo de corrección disciplinar as condutas do alumnado que, aínda que realizadas fora do recinto escolar, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e lles afecten ós seus compañeiros ou a outros membros da comunidade educativa, e en particular , as actuacións que constitúen acoso escolar.

As posibles condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas mediante o uso de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan conexión coa actividade escolar considéranse incluídas no ámbito de aplicación desta lei e demais normativa que a desenvolva.

A **definición** de ciberacoso ou cyberbullying que propón o protocolo é o uso das redes sociais, correo electrónico, blogs e outros ámbitos das tecnoloxías da información e da comunicación

(TIC) en prexuízo de unha ou mais persoas ou da súa imaxe pública.

Algúns **criterios** para a identificación do mesmo serían:

- A situación perdura no tempo. Quedan excluídas as accións puntuais que aínda que puidesen ser un delito, non constitúen ciberacoso.
- Adoita existir contacto ou relación previa no mundo físico entre vítima e persoa ou persoas acosadoras
- Existe intención de causar dano, aínda que non sempre e da nos primeiros estadios do proceso
- Realízase mediante o emprego de medios TIC. Pode tratarse de internet ou calquera dos servizos asociados: teléfono móbil, redes sociais, plataformas de difusión de contidos, foros, blogs...

Tipos de ciberacoso:

- 1.** Frustrigamento: cando se envían imaxes ou vídeos
- 2.** Exclusión: cando se usan contornos públicos para mandar comentarios despectivos ou rumores difamatorios co fin de provocar unha resposta expansiva, cando se lle nega o acceso a foros ou plataformas sociais á vítima...
- 3.** Manipulación: cando se utiliza información para difundila de xeito inapropiado entre os membros das redes sociais, cando se accede coa clave doutra persoa e se realizan accións que poden perxudicala no seu nome...

Protocolo de Actuación

Segundo a normativa vixente os pasos a seguir no caso de detectar ciberacoso serán os mesmos que nos demais tipos de acoso:

1. Notificación ó Equipo Directivo e Departamento de Orientación
2. Rexistro da información que sexa posible
3. Distinguir se os feitos ocorren no propio centro (aula de informática, fotos no recinto escolar...) ou non
 - a) Os feitos teñen lugar no propio centro en horario escolar: neste caso serán sancionados seguindo a normativa de organización e funcionamento do centro e se fosen susceptibles de denuncia serán tamén denunciados ás autoridades pertinentes
 - b) Os feitos teñen lugar fora do centro e do horario escolar: neste caso e se son detectados por algún membro da comunidade educativa citarase ás familias do alumnado agresor e vítima e se lles explicará o protocolo legal que poden seguir se así o consideran oportuno

6. CONCRECIÓN EN CADA ACTUACIÓN DOS RESPONSABLES, DESTINATARIOS E PROCEDEMENTOS

Este punto está incluído nos demais xa que ó ir relatando cada actuación se especifican todas as cuestións correspondentes

7. NORMAS DE CONVIVENCIA, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO.

1.- PUNTUALIDADE:

O inicio das clases é ás 9:00 h. Os retrasos serán anotados no parte de clase no recadro “puntualidade, P” e comunicaranse aos pais ou titores periodicamente. Os retrasos inxustificados, reiterados, serán considerados como alteración das normas de convivencia e consecuentemente obxecto de medidas correctoras.

2.- RESPECTO AO NORMAL DESENVOLVEMENTO DAS SESIÓNS LECTIVAS:

O alumnado respectará o dereito dos/as compañeiros/as a recibir a formación académica durante as sesións lectivas. Non está permitido interromper as explicacións do profesorado ou a concentración necesaria para a realización das tarefas que se estimen

oportunas por parte do profesorado. A alteración do normal desenvolvemento das sesións lectivas será obxecto de amoestación. En caso de reiteración nas actitudes que atentan contra do dereito á educación e formación dos/as compañeiros/as recurrirase a medidas máis severas.

Calquera intervención durante o transcurso dunha sesión lectiva debe ir precedida da correspondente petición de palabra e sempre dentro das normas de respecto que se debe.

O profesorado, responsable do alumnado durante cada sesión lectiva, ten a autoridade para determinar a oportunidade ou non para intervir. Ten, igualmente, autoridade para decidir como resolver unha situación conflictiva ou aprazar para outro momento a decisión. O PROFESORADO É A MÁXIMA AUTORIDADE DENTRO DA AULA.

Queda prohibido xogar ás cartas en todo o centro.

Igualmente, entre outras razóns polo dereito á intimidade e por respecto aos membros da comunidade educativa, queda prohibido calquera tipo de uso e exhibición de aparellos de telefonía móbil, reprodutores de MP3, I-Pod, etc... durante a xornada lectiva e en calquera zona do recinto escolar. Segundo o artigo 11 da Lei de Convivencia, “o profesorado está facultado para requirir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, a entrega de calquera obxecto que estea expresamente prohibido polas normas do centro [...]”. O alumnado está obrigado á inmediata entrega do obxecto, que será depositado na dirección do centro, quedando á disposición da nai, pai ou titor/a legal do alumno/a pasadas 24 horas. No caso de ser requerido antes do citado período darase por entendida unha reiteración na conducta así como unha falta de respecto a autoridade. Neste caso o móbil será devolto pero conlevará a sanción inmeditada de perda de dereito de asistencia a clase por un período non inferior ás 24 horas.

Tendo en conta a prohibición anterior, este Centro **non se fai responsable** do furto, subtracción ou desaparición destes aparatos.

3.- RESPECTO AOS/ÁS COMPAÑEIROS/AS:

O respecto entre o alumnado afecta ao dereito á educación, ás liberdades de pensamento, ideoloxía, raza ou crenza relixiosa. Afecta igualmente ao dereito a non ser discriminado por ningunha das causas anteriores ou por razóns de discapacidade física ou psíquica.

Calquera actitude, física, verbal ou xestual, contraria aos dereitos dos demais ou que atente contra da súa dignidade será obxecto de amoestación ou corrección. As medidas estarán determinadas pola gravidade dos feitos, pero en ningún caso quedarán impunes.

Inclúense neste apartado as condutas contrarias ás normas realizadas mediante o uso de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos. En todo caso, a difusión de información ou imaxes que atenten contra calquera membro da comunidade educativa será sancionada.

4.- RESPECTO AO PROFESORADO:

Segundo a mencionada Lei de Convivencia, no artigo 11, “o profesorado ten a condición de autoridade pública, e os feitos constatados polo profesorado teñen presunción de veracidade”.

O profesorado é responsable do alumnado durante a súa estancia no IES e consecuentemente ostenta a máxima autoridade, sen que as súas decisións poidan en ningún caso atentar contra da dignidade do alumnado nin constituir agresión física ou psíquica.

En todo caso, o profesorado que se vexa na necesidade de tomar medidas disciplinarias

con algún/ha alumno/a debe notificar á Xefatura de Estudios dita medida, e sempre ao/á titor/a. Os feitos e as medidas deben ser comunicadas aos/ás pais/nais ou titores.

Calquera desacordo coas medidas adoptadas polo profesorado debe ser transmitido ao/á titor/a polo delegado/a. Se a gravidade dos feitos o requirise e a titoría non fose quen de resolver o conflito, pedirase a intervención do Equipo Directivo.

5.- RESPECTO AO MATERIAL E ÁS INSTALACIÓNS DO CENTRO:

O alumnado deberá coidar o mobiliario, o material e as instalacións do centro. Calquera conduta que supoña dano ou desperfecto aos mesmos será corrixida de xeito inmediato, ben mediante a reparación do dano causado, ben mediante o aboamento dos gastos ocasionados pola súa reparación (Lei 4/2011: “O alumnado está obrigado a reparar os danos [...] ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación”)

6.- PATIO DE RECREO:

As zonas situadas detrás da biblioteca, aulas, baños, escaleiras de incendios, ... non constitúen zonas permitidas para estar durante os recreos. Igualmente non está permitido situarse no espacio comprendido entre o ximnasio e a Avda. Mendiño.

Non está permitido abandonar o recinto escolar, agás autorización expresa dalgún membro do Equipo Directivo ou acompañado dun familiar maior de idade.

O alumnado, como principal usuario do patio, velará polo seu bo mantemento e a súa limpeza. Quen non cumpra con esta premisa básica poderá ser sancionado con tarefas de limpeza do mesmo, ó igual que ocorre no resto do centro.

7.- SAÍDAS:

Durante o transcurso das sesións lectivas o alumnado debe permanecer dentro da súa aula, a non ser por traslado a unha aula específica (informática, taller, ximnasio, etc.). Como norma xeral, non está permitida a saída aos servicios durante as horas de clase. En casos especiais, e con autorización do profesorado, acudirase a Secretaría a buscar a chave.

A utilización dos servicios, agás nos casos indicados, será antes do inicio das clases (da primeira clase da xornada), durante o recreo ou rematada a xornada lectiva.

Calquera saída autorizada do centro debe ser solicitada previamente polos pais ou titores do alumnado cubrindo o impreso correspondente. SEMPRE que se solicite para un alumno/a unha saída por motivos xustificadas debe acompañarse posteriormente do xustificante que certifique dita saída (xustificante médico, etc.).

8.- AXENDA:

Todo o alumnado do 1º e 2º curso deberá contar coa axenda de clase.

É responsabilidade dos pais ou titores a revisión da axenda na que constarán as anotacións do profesorado e mesmo a solicitude de entrevistas persoais ou as condutas contrarias ás normas de convivencia, falta de material, deberes ...

8. CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E CORRECCIÓN

Cando a gravidade das mesmas sexa suficientemente importante, estas conductas deberán ser comunicadas de forma oficial mediante **parte disciplinario** ás familias (copia branca), e con copia a xefatura de estudos (copia rosa) para o seu correcto rexistro e tratamento.

Se puntualmente o profesor/a estima oportuno que o alumno continúe a sesión fora da aula común e vixiado polo profesorado de garda, isto suporá obrigatoriamente a comunicación mediante parte disciplinario e nese caso o alumno/a baixará sempre co material para poder traballar ata finalizar a sesión.

Parte disciplinario:

Finalidade: Comunicar á xefatura de estudos, titor/a e familias as faltas de disciplina do alumnado (interrupcións das clases, faltas de respecto, insultos, agresións ou calquera outra conducta contraria ás normas de convivencia).

Non serán motivos de parte disciplinario as faltas de asistencia, de material, tarefas, ... Estas conductas si poden supoñer faltas leves de conducta e por tanto deben ser anotadas e corrixidas directamente polo profesorado informando ás familias en primeira instancia e o/a titor/a no caso de reincidencia.

Protocolo:

O profesor/a deberá cubrir con claridade e coa maior premura posible (sempre no mesmo día) o parte disciplinario. Unha vez cuberto entregará a copia en branco ó alumno/a sancionado/a e a copia rosa en xefatura de estudos.

O alumno/a deberá devolver en xefatura de estudos o parte debidamente asinado por algún dos seus proxenitores ou titores legais ó día seguinte. Excepcionalmente e no caso de olvido poderá ser devolto ás 09:00 a.m. do día seguinte. En caso contrario xefatura de estudos porase en contacto coa familia para facer a comunicación. Isto será un agravante e poderá ser sancionado.

O xefe de estudos arquivará as amoestacións que o alumnado devolva asinadas, rexistrará as amoestacións na folla persoal do alumno/a e pasará a copia rosa ó titor/a. Atendendo o número de partes disciplinarios de cada alumno e da súa gravidade xefatura de estudos estudará a conveniencia de medidas correctoras.

Folla de reflexión:

Estas follas atópanse na sala de profesores e serán entregadas ó alumnado que sexa expulsado dunha clase. Deben recoller as reflexións dos alumnos/as sobre o acontecido na aula e deberán ser cubertas de forma honesta e reflexiva. O profesorado de garda ou, na súa ausencia, o equipo directivo ou de orientación axudará ó alumno/a para que así sexa.

9. NORMAS ESPECÍFICAS PARA O FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA, AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA E ESCOLA DE FAMILIAS

9.1. COMISIÓN DE CONVIVENCIA

A comisión de convivencia do centro está formada por membros do Consello Escolar:

- 3 profesores/as (un será o secretario da mesma)
- Xefe de estudos
- Director (presidente da comisión)
- Orientadora
- 1 alumno/a
- 1 pai / nai

Funcións:

- Elaborar o Plan de Convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do plan
- Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro
- Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos
- Propor ó consello escolar as medidas que considere

oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ó longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas

- Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación
- Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar ó consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente
- Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro
- Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro na que se reflictan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ó consello escolar e a Inspección

9.2. AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA

O noso centro debido ás complicacións derivadas do reducido tamaño e polo tanto reducido número de profesorado, non pode asumir un aula de convivencia estable e permanente pero si un aula de convivencia adaptada ás nosas necesidades, é dicir: un aula de convivencia que se creará cada vez que sexa preciso coas persoas que nese momento sexa posible (profesorado de garda e se están ocupados con outro alumnado, alguén do equipo directivo ou de orientación). O nivel de conflitividade do noso alumnado é

baixo e o número de alumnado susceptible de participar da aula de convivencia é reducido polo que podemos organizar un aula de convivencia transitoria con un espazo diferente en cada caso pero iso si, cun protocolo a seguir idéntico en cada caso sexa onde sexa e custodiada por quen estea custodiada.

O alumnado susceptible de participar na aula de convivencia será o alumnado que sexa expulsado da aula por os seguintes motivos:

- Falta de respecto ó profesorado
- Falta de respecto ós compañeiros/as
- Falta de respecto ó persoal non docente
- Pelexas
- Uso de dispositivos non permitidos
- Comportamento inadecuado na aula
- Falta de respecto ós materiais de aula, biblioteca, didáctico...

O proceso a seguir seguir sería o seguinte:

- 1.** O alumnado que sexa expulsado da aula terá que baixar co parte correspondente e con tarefas académicas para realizar
- 2.** O alumnado cubrirá a Ficha de Reflexión (a 1ª se fose a 1ª vez que acude á aula de convivencia ou a 2ª se fose a 2ª ou posteriores). Cando o alumno/a acude á aula de convivencia por 2ª ou posteriores ocasións entregáraselle a súa 1ª ficha de reflexión para que poida realizar a reflexión axeitadamente. (Ver anexos)

3. O profesor/a responsable nese momento arquivará a ficha no ficheiro correspondente que se atopará na Sala de Profesores

4. O alumno/a realizará a tarefa académica que lle foi asignada

9.3. ESCOLA DE FAMILIAS

Actualmente non contamos cunha escola de familias aínda que si procuramos fomentar a formación das mesmas de forma puntual cando a ocasión é propicia.

10. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA DO CENTRO, CAS FAMILIAS E OUTROS CENTROS OU ORGANISMOS

- a) Familias: no noso centro a coordinación cas familias é máxima xa que debido o número de alumnado que temos resulta doado reunirse acotío con elas xa sexa en grupo ou a nivel individual.
- b) Asociación Rexurdir: contamos con elas para traballar temas relacionados ca convivencia nas titorías de todo o noso alumnado e tamén para as escolas de familia cada curso
- c) Quérote +: colaboramos con eles na distribución da información e con obradoiros co alumnado e escolas de familia.
- d) Policía "Plan Director": todos os cursos contamos cos seus obradoiros relacionados tanto co bullying, como co consumo de drogas e uso das novas tecnoloxías
- e) Instituto da Muller do Concello de Redondela: cooperamos cada curso en actividades relacionadas ca sensibilización do

alumnado na prevención da violencia de xénero

- f) Érguete: colaboramos organizando obradoiros para o alumnado no ámbito da prevención de drogodependencias
- g) ARELAS: a colaboración consiste na realización de obradoiros de diversidade sexual co alumnado e derivación de algún caso que sexa necesario.
- h) Consello para a Convivencia Escolar de Galicia: órgano de carácter consultivo e de apoio ó que se recorrerá no caso de ser preciso.
- i) Fundación Filomena Rivero Alonso: colaboran financiando obradoiros de prevención de acoso escolar.
- j) Concello: colabora con nós ofertando obradoiros relacionados ca coeducación, a convivencia, prevención de conflitos...que financian e tamén colaboramos no Programa Cidades Amigas da Infancia

11. ESTRATEXIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

O Plan de Convivencia será posto a disposición de todo o Claustro e será publicado na web do centro para que poida ser consultado por todos os membros da comunidade educativa sempre que sexa preciso.

Tamén se intentará que a participación de todos os membros da comunidade educativa na súa elaboración e posta en marcha sexa a máxima posible.

12. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

Farase nas reunións tanto da comisión de convivencia como do consello escolar e nos claustros e contarase ca opinión de todos os sectores implicados trimestralmente e a final de curso.

Valoraranse os seguintes indicadores:

- Nivel de conflitividade no centro: número de partes de conduta, número de expulsións, número de expedientes disciplinarios e análise de posibles causas e solucións
- Grao de adecuación das actuacións propostas no senso da convivencia cada curso: valorando a opinión de alumnado, familias e profesorado
- Propostas de mellora para o seguinte curso

13. ANEXOS

**Ficha de Reflexión de alumnado que acude á Aula de
Convivencia por 1ª vez**

NOME E APELIDOS:
CURSO:
DATA:
HORA:
PROFESOR/A AULA:
PROFESOR/A AULA DE CONVIVENCIA:

1. ¿Que ocorreu na aula para que o profesor ou profesora te enviase á Aula de Convivencia?
2. ¿Como te sentiches cando o profesor/a dixo que tiñas que vir?
3. ¿Por que actuaches así?
4. ¿De que outra maneira poderías ter actuado?

5. ¿Como cres que se sentiu a persoa ou persoas afectadas polo teu comportamento?

6. Intenta porte na situación do profesor/a ¿que farías ti se alguén se comportase coma ti hoxe?

7. ¿Que se che ocorre que podes facer para compensar o que fixeches e evitar que volva a pasar?

8. ¿Estás disposto a facer o necesario para resolver este problema? ¿A que te comprometes?

VALORACIÓN DO/A PROFESOR/A DA AULA ORDINARIA:

Ficha de Reflexión de alumnado que acude á Aula de Convivencia . 2ª vez ou posteriores

NOME E APELIDOS:
CURSO:
DATA:
HORA:
PROFESOR/A AULA:
PROFESOR/A AULA DE CONVIVENCIA:

Unha persoa pode contradicir un compromiso unha vez, pero non continuamente, por iso queremos darche outra oportunidade para modificar o teu comportamento.

1. Escribe os teus compromisos da ficha anterior
2. De todo o que planeaches comprometerte ¿Que saíu mal? ¿Por que?
3. ¿Que podes facer para que as cousas saian mellor?

4. Novos compromisos

VALORACIÓN DO/A PROFESOR/A DA AULA ORDINARIA: